

Normas de publicación

Despois da súa aceptación deberán remitirse os textos completos das comunicacións a congreso.docencia@uvigo.es como arquivo non comprimido adxunto nunha mensaxe de correo electrónico, e no asunto debe figurar o correspondente número de referencia.

Os traballos deben ser enviados en formato MS Word ou OpenOffice listo para a súa publicación directa.

Os autores deberán cingirse escrupulosamente a estas Normas de publicación.

Extensión de entre **1100 e 1500 palabras**.

Débase revisar o traballo eliminando todos os formatos innecesarios.

Ao inicio do traballo débense incluír, e por esta orde: título, autores, afiliación e enderezo electrónico, resumo e palabras clave.

Configuración da páxina

Tamaño de papel: 17x24. Marxes: superior 3 cm, inferior 2,5 cm, esquerdo 2 cm e dereito 2 cm.

Encabezado: 1,5 cm; Pé de páxina: 1,25; páxinas pares e impares diferentes.

Formato de texto (para descargar ás fontes Fruitiger 45 Light)

Título: Fruitiger 45 Light 14, grosa centrada, espazo anterior 54 e posterior 18.

Nome e apelidos dos autores: Fruitiger 45 Light 11, grosa centrada, espaciado anterior 0 e posterior 12.

Dirección dos autores: Fruitiger 45 Light 10, normal, centrada, espazo anterior 0 e posterior 12.

Títulos das epígrafes: Minúsculas. Fruitiger 45 Light 11, grosa, xustificado. Sangrado especial primeira liña 0,80 cm. Espazado anterior 18 e posterior 6.

Resto do texto: Fruitiger 45 Light 11 normal xustificada. Interlineado múltiple 1,1. Sangrado especial primeira liña 0,80 cm. Espazo entre parágrafos anterior 6, posterior 0. Non utilizar grosa e substituír subliñado por cursiva.

Figuras, táboas e cadros

Só incluír as figuras, táboas e cadros estritamente necesarios.

Pés: Fruitiger 45 Light 10 normal xustificada. Interliñado sinxelo. Espazo anterior 6 e posterior 12. Non utilizar abreviaturas (Exemplo: Fig. 1 ou Tab. 1) senón a palabra completa (Exemplo: Figura 1 ou Táboa 1).

As *táboas* non deben ocupar máis dunha páxina, en caso de necesitar máis espazo dividila en varias e se non é posible incluíla como anexo.

As *figuras* tipo imaxe deben ser en formato JPG, BMP ou GIF cunha resolución mínima aceptable que permita ver claramente o seu contido.

Cando se queira presentar unha soa figura a partir de varios cadros de texto, seleccione os obxectos que desexe agrupar mantendo premida a tecla MAYÚS mentres fai clic en cada obxecto, e na barra de ferramentas Debuxo, faga clic en Debuxo e, a continuación, faga clic en Agrupar.

Referencias bibliográficas

Ao final do texto incluírase a lista de Referencias bibliográficas, por orde alfabética, que deberá axustarse ao seguinte formato:

Libros:

Apelido, Inicial do nome. (Ano de publicación). Título en letra cursiva. Cidade: Editorial.

Cheek, D. (1992). *Thinking constructively about Science, Technology, and Society education*. New York: State University of New York Press.

Capítulos de libros:

Apelido, Inicial do nome. (Ano de publicación). Título do capítulo. En Inicial do nome, Apelido do editor (Ed.), Título do libro en letra cursiva (páxinas que comprende o capítulo). Cidade: Editorial.

Solomon, J. (1989). The social construction of school science. En R. Millar (Ed.), *Doing science: Images of science in science education* (pp. 126-136). New York: Falmer Press.

Artigos de revistas:

Apelido, Inicial do nome. (Ano de publicación). Título artigo, Nome da revista en cursiva, número, páxinas.

Rubba, P. A. (1989). An investigation of the semantic meaning assigned to concepts affiliated with STS education and of STS intruotional practices among a sample of exemplary science teachers. *Journal of Research in Science Teaching*, 26, 687-702.